

OBRADOIRO DE PRODUTOS DE LIMPEZA NO FOGAR (unha alternativa aos centos de substancias tóxicas e produtos comerciais que nos invaden)

Hoxe en día máis de 100.000 substancias químicas campan libremente polas nosas casas, a pesar de que se tenta legislar para que poidamos coñecer os seus efectos e onde están (REACH), estamos expost*s a diario en todos os lugares. Na nosa casa tamén, non hai máis que abrir o armario dos produtos de limpeza. Imos coñecer algunhas alternativas para isto, cantas máis adoptemos mellor.

XABÓN

Este xabón vale para lavar a louza, roupa, para facer frega-chans.

Ingredientes:

2 litros de aceite usado
3 litros de auga
400 g de sosa
1 kg de talco

* Pódenselle botar tamén unhas pingas de aceite esencial. Os aceites esenciais mellor que sexan naturais, non sintéticos. Para facer aceites esenciais precisamos ter un destilador, esta é unha técnica laboriosa. Como alternativa, podemos macerar aceite de oliva ou de améndoas cunha planta como romeu ou lavanda durante un mes e logo empregar un pouco dese aceite no xabón, mais non dá tanto aroma coma os aceites esenciais.

Modo de emprego:

1-Primeiro engadir a sosa ao auga e remexer até que se disolva a sosa (5min aprox.) Nesta etapa ter moito coidado cos gases. Usar luvas para manipular os ingredientes, tamén durante a mestura co aceite. Empregar un cubo de plástico e culler de pau, **nunca cousas metálicas**, en todo o proceso.
2- Por outra banda, peneirar o aceite para retirarlle as impurezas, e despois quecelo un pouco até que estea morno (non quente). Isto axudará ao proceso.
3-Engadir a mestura de auga e sosa ao aceite (**nunca do revés!**), pouco a pouco e remexendo sempre no mesmo sentido. Podemos empregar un batedor vello, se non queremos remexer tanto tempo. Mesturamos durante media hora aprox. (15min se é co batedor). Ao longo deste tempo, a mestura tense que homoxeneizar até formar unha pasta clara e opaca cada vez máis espesa.
3- Despois engadimos o talco e seguimos batendo outra media hora (15min co batedor).
4.-Logo botámolo en bandexas ou caixas de madeira e deixamos repousar durante 3-4 días. Pasado este tempo, cortámolo en anacos.
5-Finalmente, os anacos déixanse madurar e secar, durante 21-28 días aproximadamente. Dependendo do tempo, se hai humidade pode tardar un mes.

XABÓN LÍQUIDO

Limpador para o chan, a louza, o cuarto de baño ou mesmo para lavadora.

Ingredientes:

125 g de xabón para uso de limpeza

(por exemplo, do xabón que fixemos antes ou outros naturais)
2 l de auga

Modo de emprego:

Relar o xabón e botar nunha pota coa auga. Pór ao lume brando até que se vaia disolvendo. Non é preciso que ferva.

* Pódese acrecentar algunha esencia, como por exemplo esencia de cravo ou de limón.

DETERXENTE DA ROUPA

Os deterxentes teñen branqueadores ópticos, enzimas, fosfatos, tensioactivos e aromas sintéticos baseados en substancias petroquímicas non biodegradábeis. Responsábeis estas substancia da contaminación das augas e da eutrofización.

A solución está na redución ao mínimo ou a eliminación total do seu uso. As propostas son:

*Xabón líquido: podémolo facer nós (explicado anteriormente) e substituír con el o deterxente. A cantidade vai en función do suxa que estea a roupa. Non pasarnos, pois pode facer moita espuma.

*Noces de lavado: Son uns froitos xabonosos que podemos meter nuns saquiños de tea. Substitúen o deterxente.

*Se a roupa estiver moi suxa, deixar a mollo ou fregar a zona con un pouco de xabón: a “teoría” de “el frotar se va a acabar” só é boa para a industria do deterxente, o resto saímos perdendo.

SUAVIZANTE

Para a roupa, sobre todo se as augas son duras, 1 parte de bicarbonato + 1 parte de vinagre + 2 partes de auga. Podemos botar unhas gotas de esencia de limón ou lavanda.

DESINFECTANTES

Vinagre de sidra (para o baño ou para fregar o chan, tanto azulexo como madeira).

Bórax diluído en auga (sal de bórax) para o cuarto de baño, a humidade, os fungos, para protexer a madeira, para limpar o frigorífico.

O bicarbonato fai o mesmo que o sal de bórax.

O cravo tamén é desinfectante.

DESENTUPIDORES / DESATASCADORES

Bicarbonato (dúas culleres) máis vinagre (medio vaso). Deixar a mestura actuar 10 minutos (tapando o desaugadouro). Logo deixar correr auga fervendo.

AROMATIZADORES

Pel de cítricos secos (limón, laranxa...).

Cravos ou canela fervidos con auga.

Saquiños de tea con herbas aromáticas (lavanda, romeu...).

Airear é o mellor xeito de eliminar os cheiros.

REPELENTES PARA INSECTOS

A alfabaca é un bo repelente.

Limón enteiro con cravos pinchados.

Para o pulgón das plantas, deixamos macerar ortiga (100g para 1l de auga) durante unha semana, remexendo dúas veces ao día, para que non podreza.

Como repelente corporal para os mosquitos podemos empregar unha mestura de aceite de améndoa cunhas gotas de aceite esencial de citronela e xeranio.

FORNO

Limón ou vinagre.

1 culler bicarbonato en ¼ l de auga. Disolver e aplicar, deixar repousar media hora. Despois fregar, se está moi incrustado podemos quecer a dilución un pouco para que sexa máis doado.

Para ter en conta:

É moi preferíbel que os aceites esenciais que merquemos sexan naturais, a maior parte dos que se venden nas tendas son sintéticos. Desconfiemos de aceites esenciais de kiwi, plátano... Nas tendas de produtos naturais podemos atopar de limón, lavanda, romeu...

O limón é bo para tirar (quitar) graxas.

Aceite de liñaza ou ceras para madeiras.

Lavanda, castañas de indias para a traza (insecto con aspecto de bolboreta que come a roupa).

Alcohol para azulexos, espellos, vidro.

Pel de pataca para as manchas de viño.

LIBROS

Os dous mellores libros que atopei, mais que igual xa están descatalogados:

“Hogar sin química” Ed. Integral

“Ecohogar” Ed. Integral. Autora: Anna Kruger

De consumo responsábel en xeral:

“Consumir menos, vivir mejor” Toni Lodeiro. Ed. Txalaparta (moi recomendábel tamén a páxina web).

“El hogar ecológico” César Barba, Ed. Salvat.

“50 cosas sencillas que puedes hacer para salvar la Tierra” The Earth Group, Ed. Blume.

Obradoiro feito por: S. Abalo

Info compilada grazas a: A. Vilas

<http://verdegaia.org/>